

MEMORIA

Para o nomeamento de Don Manuel Lueiro Rey como “fillo adoptivo do Grove” a título póstumo

Presentación

O 9 de abril de 2016 cumpríronse 100 anos do nacemento de Manuel Lueiro Rey. O Concello do Grove adquiriu un compromiso de loitar polo recoñecemento e a preservación da memoria do noso escritor máis universal organizando unha serie de actos e iniciativas que buscan conquistar o mantemento do seu legado literario e vital para xeracións vindeiras.

Lueiro Rey é merecedor dun premio literario que chegou este ano a súa vixésimo terceira edición e que ten adquirido unha enorme importancia no panorama cultural galego. Tamén a Casa da Cultura do Grove leva o seu nome pero neste centenario é preciso poñer no seu lugar a unha persoa que contribuíu dun xeito notable á cultura do Grove. Entre as grandes débedas pendentes que O Grove ten cos seus veciños e veciñas máis senlleiros estaba o de nomear a Manuel Lueiro Rey “fillo adoptivo da vila do Grove”.

A corporación local de O Grove propón, no pleno do mes de maio de 2016 este recoñecemento, avalado pola presente memoria onde se recolle a traxectoria vital, profesional e literaria do veciño Lueiro Rey. O nomeamento farase efectivo dende a súa aprobación no pleno e concédese a título póstumo, buscando que quede constancia do mesmo para o resto da historia.

Traxectoria vital de Manuel Lueiro Rey

O 9 de abril de 1916 Manuel Lueiro Rey nacía na localidade pontevedresa de Fornelos de Montes. Dende os sete anos este escritor e xornalistas converteuse en veciño de O Grove, onde faleceu un 11 de outubro do ano 1990. Dende moi cedo a vida de Lueiro Rey estivo vencellada ao Grove a onde chegou seguindo o destino do seu pai, Albino Lueiro Soto, mestre de profesión. Aquí, no Grove, o mozo Lueiro integrouse completamente, fixo a súa formación académico, xogou no Anduriña, participou na vida social e desempeñou os seus primeiros traballos.

Despois do alzamento nacional pasou meses fuxido, refuxiándose en Fornelos de Montes e en Portovilán para alistarse, finalmente, no bando nacional. Tras o fin da guerra regresou a Fornelos e no 1942 desprazouse a Madrid a preparar as oposicións para auxiliar de corpo técnico do Ministerio de Facenda. Superou as oposicións tras unha intensa experiencia vital en Madrid que contribuíu a formar a súa personalidade e que tamén deixou pegada na súa escrita.

No ano 1943 casa con Maruxa Lores e no ano 1944 consegue o traslado a Pontevedra, podendo vincularse de novo á vida no Grove, colaborando en infinidade de eventos de toda índole e chegando incluso a participar, no ano 1948, na reestrea da peza teatral “Quén matou ao meco?”. A partir de entón compaxina o seu traballo en Facenda coa súa labor literaria e xornalística.

Vida e literatura

As afeccións literarias de Manuel Lueiro Rey comezan moi cedo: con tan só 17 anos comezou a colaborar co xornal *El País Pontevedrés*, que por aquelas datas dirixía Roberto Blanco Torres sendo o seu primeiro traballo un artigo contra a pena de morte. Dende a posguerra comeza a escribir na prensa co pseudónimo “Gudea”, colaborando con medios como *Litoral*, *Diario de Pontevedra*, *La Noche*, *El Correo Gallego*, *La Voz de Galicia*, *Galicia*, *Correo Gallego*, *Diario de León*, *Diario Regional de Valladolid*, *ABC*, *La Hoja del Lunes*, *A Nosa Terra*, *Sonata*, *Cartel*, *Chan*, *Ínsua*, *Coordenadas*, *Dorna*, *Espiral* ou *Congostra*.

En 1950, baixo ese mesmo pseudónimo publica o seu primeiro libro “Nacencia. Cuentos y Poemas” e uns anos despois, no 1955 comeza a colaborar con Radio España Independiente, máis coñecida como “Radio Pirenaica”, ano no que tamén publica o seu poemario “Juncia de amor y vida”.

O ano 1966 foi clave na vida e obra de Lueiro. No mes de xuño, cun grupo de amigos, subscribe un artigo titulado “Brecht, o el profundo y humano concepto de la bondad”, no seo dunhas páxinas adicadas a Bertold Brecht publicadas no *Diario de Pontevedra*, con serias consecuencias políticas. Tamén participa na homenaxe semiclandestina que se lle rende en Compostela ao poeta Antonio Machado, dando a coñecer nunha publicación feita para ocasión o poema “Agonía de Lembranza”. Finalmente, tamén neste ano, acada o premio Cidade de Oviedo coa obra “Manso” que se publicará ao ano seguinte mutilado pola censura. O texto íntegro, de feito, non será publicado en Galicia ata o ano 1966 pola Editorial Galaxia.

No ano 1967 asiste na Casa de Galicia en París aos actos de homenaxe a Curros nos que ditaba unha conferencia Xesús Alonso Montero e en 1968 a editorial Oberón, na Arxentina, publica a edición orixinal da obra “Manso”, a mesma editorial que publicará “Vicente y el otro”. En novembro dese mesmo ano emprende a súa primeira viaxe a Arxentina, convidado pola Federación de Sociedades Galegas de Bos Aires, onde contactará con Luís Seoane, Lorenzo Varela, Dieste ou Arturo Cuadrado, entre outros.

Volverá a América en máis ocasións e ofrece conferencia en París. Realiza diversas colaboracións noutros países e participa no libro colectivo “Poemas al Che” en La Habana, con poemas das catro linguas peninsulares, e participa no libro “Castelao na voz dos poetas”. Tamén toma parte no poemario colectivo “Chile en el corazón” coma homenaxe a Pablo Neruda.

No ano 1971 publica “La noche espera al alba” (Bos Aires), libro que será secuestrado cando tenta ser distribuído en España e que lle valeu un interrogatorio policial en Pontevedra. Tamén nese ano ve a luz o seu primeiro libro en galego “Un tempo de sol a sol (poemas do neno galego)” editado tamén en galego, ao que seguiu “Non debería medrar” no ano 1974, con prólogo de Luis Seoane.

Xa no 1977 colabora no libro de homenaxe a Rafael Alberti “Del corazón del pueblo” e da a coñecer a súa “Escolma Ferida” con limiar de Lorenzo Varela. Un ano despois regresa a Bos Aires e ao ano seguinte, no 1979, é elixido concelleiro de cultura do Grove onde tamén desempeñará labores de presidente da comisión de cultura durante catro anos. En 1980 organizará unha homenaxe a Luís Seoane no Grove que, postumamente, vería a luz en Edicións do Castro.

No ano 1983 publica “O sol na crista do Galo” con limiar de Basilio Losada. Colabora un ano despois no Caderno que o Ateneo ferrolá lle adica a Lorenzo Varela, Rafael Dieste e Seoane. No 1985 sae a luz “Crónicas dunha transición intransigente” e, nunha viaxe persoal, fai a súa derradeira viaxe a terras americanas.

No 1986 participa no Congreso Castelao e tamén, moi activamente, na campaña contra a entrada de España na OTAN e un ano despois publica “Un río que camina”, adaptación da súa novela “Non debería medrar”. Uns anos despois, no 1988, recibe o premio literario Miguel de Unamuno no Certame Internacional de Valladolid polo seu relato “Hundezelle” e tamén se publica “Nova escolma ferida”.

Chegado xa o 1996 publícase a edición galega de “Manso” e no 1999 ve a luz a súa obra inédita “Hundezelle y otras vidas maltratadas”. No 2003 Ramón Nicolás, biógrafo de Manuel Lueiro, edita “Derradeira Escola Ferida” e “O sol na crista do galo” para a biblioteca das letras galegas. E no 2005 chega outra obra inédita tamén editada por Ramón Nicolás “O Grove: canción do sal e do vento”.

Obra literaria

Lueiro comezou a escribir en castelán, pero o seu compromiso coa terra galega levouno a desdixar o seu idioma literario inicial pola “lingua proletaria do seu pobo”, como diría Celso Emilio, e participa con poemas en galego en publicacións colectivas de marcado carácter político de esquerda. A obra literaria de Manuel Lueiro Rey corresponde á narrativa, á poesía e aos artigos xornalísticos. Aínda que unha gran parte xa está editada, aínda quedan escritos inéditos, algúns dos cales xa se atopan no prelo e verán a luz en breve. As obras publicadas son as seguintes:

Poesía

Nacencia. Cuentos y poemas (Vigo, 1950; Publicado co pseudónimo Gudea)
 Juncia de amor y vida (Pontevedra, 1959)
 Sonetos a la ciudad de Vigo (Pontevedra, 1960)
 La noche espera el alba (Botella al mar, 1971)
 Vigo en tres paisajes (Vigo, 1990)
 Camino de sueños, 1992.
 Memoria de la raíz de las cosas (Edicións do Castro, 1992)
 Mientras crece la hierba (Puente de la Aurora, 1997)
 Un tempo de sol a sol (poemas do neno galego) (Edicións do Centro de Betanzos, 1971)
 Escolma ferida (Edicións do Castro, 1977)
 Nova escolma ferida (Edicións do Castro, 1988)
 Derradeira escolma ferida (Xerais, 2003; edición de Ramón Nicolás)

Narrativa

Manso (Oviedo, 1967; Oberon, 1968; Galaxia, 1996)
 Vicente y el otro (Buenos Aires, 1968)
 Manos de ausencia (prosas) (Libertarias, 1986)
 Un río que camina (Orígenes, 1987)
 Hundezelle y otras vidas maltratadas (Ronsel, 1998)
 Non deberían medrar (Edicións do Castro, 1974)
 O sol na crista do galo (Edicións do Castro, 1982)

Ensaio

Crónica de una transición intransigente (Edicións do Castro, 1985)
 Grove: canción do sal e do vento (Xerais, 2005)

Premios e recoñecementos

En 1953 acada o Premio Casa de Galicia de Bos Aires por “Sinfonía de luz galaica”.
 En 1958 recibe o primeiro premio de poesía na II Festa de Primavera de Ourense por “Cinco sonetos del hombre en el camino y un poema final” e tamén o Premio Nacional de Periodismo por “Vivencia y gozo de mis ríos gallegos”.
 No ano 1959 recibe o premio periodístico do Centro Ourensán de Bos Aires polo texto “Curros Enríquez, poeta monumental de Galicia”.
 En 1960 dá a coñecer os seus Sonetos a la ciudad de Vigo que foron premio de poesía “Ciudad de Vigo” nese mesmo ano.
 Tamén acada o Premio Pérez Lugrín con “La colmena y sus celdillas”, e o Segundo Premio de Poesía nos Xogos Florais de Ourense con “Orense en un pregón y varias estancias”.
 No ano 1966 acada o Premio Ciudad de Oviedo coa novela Manso.
 No ano 1988 é Premio Miguel de Unamuno no Certame Internacional de Valladolid polo seu relato “Hundezelle”.

Manuel Lueiro Rey e O Grove

A vida e a obra de Manuel Lueiro Rey están intimamente unidas á vila do Grove, onde reside dende os sete anos ata a súa morte. Aquí coñeceu e casou coa súa muller, Maruxa Lores, e aquí formou a súa familia. No Grove organizou infinidade de actos de grande valía cultural, como a homenaxe no 1980 ao seu amigo Luis Seoane, no primeiro aniversario da súa morte, adicándolle a primeira rúa co seu nome que existiu en Galicia. No acto participaron diversas personalidades da talla de Rafael Alberti, Uxio Novoneira, Arturo Cuadrado, Basilio Losada e Xesús Alonso Montero entre outros.

Nesta vila creou e escribiu a maior parte da súa obra literaria e xornalística e dende esta vila a súa viúva, Maruxa Lores, dou a coñecer a súa obra, facendo posible a reedición dalgunhas das súas creacións, e a edición doutras inéditas e a promoción da figura e da obra de Lueiro. Cabe subliñar tamén o valor literario e o seu compromiso social, a través das súas obras, e dos seus feitos.

Inda que ben é certo que o concello lle dá o seu nome á Casa da Cultura dende o 1991 e crea o Certame de novela curta e tamén fundamental atender a esta débeda histórica coa figura de Manuel Lueiro Rey, débeda que hoxe comeza a ser pagada.

O Grove, 30 de maio de 2016